



**ANEXO 2**  
**DECLARACIÓN RESPONSABLE DA DIRECCIÓN DA MONTAXE, UTILIZACIÓN E DESMONTAXE DE ANDAMIO OU INSTALACIÓN EN ALTURA**

**DATOS DA INSTALACIÓN EN ALTURA:**

|   |
|---|
| ENDEREZO NO QUE SE SITÚA O ANDAMIO / A INSTALACIÓN:   |
| TIPO DE ANDAMIO / INSTALACIÓN Segundo o art. 4.3.3 do Anexo II do R.D. 1215/97, modificado polo R.D. 2177/2004 (*): |

**DATOS DO/A TÉCNICO/A HABILITADO/A QUE SUBSCRIBE:**

|   |                 |                     |            |
|---|-----------------|---------------------|------------|
| NOME E APELIDOS:  |                 |                     | DNI:       |
| DOMICILIO PARA NOTIFICACIÓNS:   | CÓDIGO POSTAL:  | MUNICIPIO:          | PROVINCIA: |
| TELÉFONO FIXO:  | TELÉFONO MÓBIL: | CORREO ELECTRÓNICO: |            |
| FORMACIÓN UNIVERSITARIA OU PROFESIONAL HABILITANTE (**) (marcar o que corresponda):   |                 |                     |            |
| <input type="checkbox"/> TITULADO/A UNIVERSITARIO/A (ARQUITECTO/A, ARQUITECTO/A TÉCNICO/A, ENXEÑEIRO/A, ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A)  |                 |                     |            |
| <input type="checkbox"/> EXPERIENCIA EN INSTALACIÓN DE ANDAMIOS CERTIFICADA POLO/A EMPRESARIO/A SUPERIOR A DOUS ANOS E FORMACIÓN EN PRL (MÍNIMO O CURSO BÁSICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS EN CONSTRUCCIÓN DE 50 H) |                 |                     |            |

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE** que son certos os datos que figuran no presente documento e que, segundo o R.D. 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polo persoal traballador dos equipos de traballo, modificado polo R.D. 2177/2004 polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polo persoal traballador dos equipos de traballo, en materia de traballos temporais en altura,

No caso desta instalación (marcar o que corresponda):

- Dispón de marcado CE, declaración CE de conformidade e manual de instrucións** <sup>(1) (2)</sup> **ou**, se é o caso, dispón de avaliación da **conformidade coas normas UNE-EN e responde a unha configuración tipo**<sup>(3)</sup>, polo que se montará, utilizará e desmontará segundo as **instrucións específicas do fabricante**, proveedor ou subministrador deste equipo.
- Require Nota de cálculo e un Plan de montaxe, utilización e desmontaxe (PMUD)**, redactado por \_\_\_\_\_, coa titulación universitaria de \_\_\_\_\_, que o/a habilita para iso, polo que a instalación montarase, utilizarase e desmontarase segundo o dito PMUD.

Declaro que posúo a formación universitaria ou profesional habilitante (\*\*) e **asumo a dirección da montaxe, desmontaxe, modificacións e inspeccións esixidas pola normativa vixente de aplicación.**

E para que así conste e produza efecto ante o Concello da Coruña, redáctase a presente declaración responsable na Coruña, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 20\_\_.

Asdo.:

Titulación/cargo:



**(\*) TIPO DE ANDAMIO/ INSTALACIÓN:**

Segundo o art. 4.3.3 do Anexo II do RD 1215/97, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polo persoal traballador dos equipos de traballo, modificado polo R.D. 2177/2004, en materia de traballos temporais en altura.

**Plataformas suspendidas de nivel variable** (activación manual ou motorizada), suspendidas temporalmente dun edificio ou estrutura para tarefas específicas. Son máquinas e, polo tanto, están suxeitas á normativa específica en materia de comercialización (Directiva de máquinas).

- Posteriores á Directiva de máquinas <sup>(1)</sup>. Anteriores á Directiva de máquinas <sup>(2)</sup>

**Plataformas elevadoras sobre mastro**, instaladas temporalmente sobre o terreo, soleira ou forxado dun edificio ou estrutura para tarefas específicas. Son máquinas e, polo tanto, están suxeitas á normativa específica en materia de comercialización (Directiva de máquinas)

- Posteriores á Directiva de máquinas <sup>(1)</sup>. Anteriores á Directiva de máquinas <sup>(2)</sup>

**Andamios constituídos con elementos prefabricados**, excepto os andamios de cabaletes ou borriquetas apoiados sobre terreo natural, soleiras de formigón, forxados, beirís ou outros elementos, **sempre que a súa altura** dende o nivel inferior de apoio ata o da plataforma máis elevada **exceda de 6 metros** (coroación do andamio) **ou** se dispoñen de elementos horizontais que salven voos e **distancias superiores entre apoios de máis de 8 metros:**

- Obrigatorio o PMUD realizado por unha persoa habilitada <sup>(3)</sup>

**Calquera tipo de andamio apoiado instalado no exterior, sobre azoteas, cúpulas, tellados ou estruturas superiores**, cuxa distancia entre o nivel de apoio e o nivel do terreo ou do chan exceda de **24 metros de altura:**

- Obrigatorio o PMUD realizado por unha persoa habilitada <sup>(3)</sup>. Neste caso, o PMUD non será obrigatorio se non existe perigo de caída de altura superior á propia altura do andamio e que esta sexa inferior a 6 metros.

**Torres de traballo móbiles e torres de traballo fixas** apoiadas sobre terreo natural, soleiras de formigón, forxados, beirís ou outros elementos. **Se os traballos se efectúan a máis de 6 metros de altura** dende o punto de operación (altura da plataforma superior) ata o chan.

- Obrigatorio o PMUD realizado por unha persoa habilitada <sup>(3)</sup>

**Torres de acceso** apoiadas sobre terreo natural, soleiras de formigón, forxados, beirís ou outros elementos. **Se o desnivel entre a plataforma de desembarco máis elevada e o chan supera os 6 metros.**

- Obrigatorio o PMUD realizado por unha persoa habilitada <sup>(3)</sup>

**(1) Máquinas comercializadas e/ou postas en servizo a partir do 1 de xaneiro de 1997.** Estas máquinas dispoñen de marcado CE, declaración CE de conformidade e manual de instrucións que deberá incluír o Plan de montaxe, utilización e desmontaxe. Non obstante, a persoa usuaria poderá solicitar a información complementaria que considere necesaria. Se as operacións se realizan de forma ou en condicións ou circunstancias non previstas nas ditas instrucións será preciso elaborar un plan de montaxe, utilización e desmontaxe apropiado ao caso.

**(2) Máquinas comercializadas e/ou postas en servizo antes do 1 de xaneiro de 1997.** Estas máquinas non dispoñen de marcado CE, nin de declaración CE de conformidade e nalgúns casos tampouco do manual de instrucións. A persoa usuaria poderá solicitar a información complementaria que considere necesaria. Neste suposto deberíase elaborar o Plan de montaxe, utilización e desmontaxe.

**(3) Se dispoñen de avaliación da conformidade (por exemplo, mediante certificación por terceiros), coas normas UNE-EN** ás que se fai referencia no apartado 4.3, de acordo cos criterios indicados nelas **e ademais responden a unha configuración tipo**, as instrucións específicas do fabricante, provedor ou subministrador destes equipos constitúen a esencia do Plan de montaxe, utilización e desmontaxe.



**(\*\*) FORMACIÓN UNIVERSITARIA OU PROFESIONAL HABILITANTE:**

- **Formación requirida para realizar a Nota de cálculo e o Plan de montaxe, utilización e desmontaxe.** A formación universitaria que habilita para realizar a Nota de cálculo e o Plan de montaxe, utilización e desmontaxe depende da titulación académica, conforme á normativa vixente, tal como a de **arquitecto/a, arquitecto/a técnico/a, enxeñeiro/a ou enxeñeiro/a técnico/a**, de acordo coas súas competencias e especialidades. Adicionalmente á titulación universitaria, é recomendable que a persoa habilitada dispoña dunha formación específica ou experiencia que lle permita: a) Coñecer e identificar os diferentes compoñentes que constitúen o modelo de andamio co que ten que traballar e as funcións deles, baseándose nas hipóteses de carga recollidas na súa Nota de cálculo. b) Definir o tipo, número e disposición dos puntos de apoio e ancoraxes recollidos na "Nota de cálculo". c) Elaborar a "Nota de cálculo". d) Realizar o Plan de montaxe, utilización e desmontaxe en función dos traballos que se van executar, tendo en conta as condicións da localización. e) Coñecer e aplicar os criterios de seguridade apropiados para levar a cabo as operacións de montaxe, utilización e desmontaxe do modelo de andamio de referencia.
- **Os andamios só poderán ser montados, desmontados ou modificados substancialmente baixo a dirección dunha persoa cunha formación universitaria ou profesional que o habilite para iso**, e por persoal traballador que recibise unha formación axeitada e específica para as operacións previstas.
- **Cando**, de conformidade co apartado 4.3.3, **non sexa necesario elaborar un plan de montaxe, utilización e desmontaxe**, as operacións previstas neste apartado poderán tamén ser dirixidas por unha **persoa que dispoña dunha experiencia certificada polo/a empresario/a nesta materia de máis de dous anos e conte coa formación preventiva correspondente**, como mínimo, ás funcións de nivel básico, conforme ao previsto no apartado 1 do artigo 35 do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.